



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN abril - xuño 2014

21 de abril: entregamos...



La gran casa, de Nicole Krauss

Imaxinemos un gran escritorio roubado, unha peza imponente, con 19 caixóns plagados de segredos de todos os seus usuarios. Puido pertencer a Federico García Lorca, o primeiro dunha insólita cadea que conecta ao poeta con Daniel Varski, un autor chileno desaparecido baixo o terror de Pinochet e trasunto de Roberto Bolaño, veciño ocasional de Nova York que presta o escritorio a unha narradora en crise.

Comentario: 5 de maio

5 de maio: entregamos...



La vida de las mujeres, de Alice Munro

Unha colección de relatos disfrazada de novela: o disfraz é un punto de vista narrativo, un fío condutor que cose unha serie de retratos -o pai apoucado, a nai que buscou liberarse vendendo enciclopedias, o tío excéntrico- para, a partir deles, concibir unha vontade, aplaudir unha toma de conciencia: a da escritora que descobre a súa vocación.

Comentario: 19 de maio

2 de xuño:



Encontro literario con Anxos Sumai

Con motivo da lectura do seu libro "*Así nacen as baleas*" no pasado trimestre, achégase Anxos Sumai á biblioteca para realizar un encontro con todas e todos os participantes.

Así mesmo, a autora realizará a presentación do seu libro "*A lúa da colleita*", unha novela de identidades, de retornos e abandonos na procura do que somos. "*A lúa da colleita*" acadou o Premio García Barros no ano 2013.

9 de xuño



Contos de amor, erotismo e morte, con Charo Pita

Contacontos para adult@s. Un espectáculo que afonda na trasnada verbal, desde o xogo fónico ata a brincadeira semántica, desde a onomatopeia ata o relato, nun esvarar que converte a palabra nunha auténtica festa de matices e ritmos.

Esta actividade inscríbese dentro do programa "*Ler conta moito*" desenvolvido pola Rede de Bibliotecas de Galicia.